

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2021/2022

CENTRO: IES CHAN DO MONTE

CURSO: 1º BACHARELATO

MATERIA: Lingua Castelá e Literatura

DEPARTAMENTO: Lingua Castelá e Literatura

DATA:29/03/2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

1. Criterios sobre a avaliación e cualificación	
1º Avaliación	<p>Cálculo da nota da 1ª avaliación: Nota das probas escritas 80%. Nota de traballo 20% (deberes, redacción dun resumo, control de verbos, comentario literario).</p>
	<p>Procedemento de recuperación da 1ª avaliación: A avaliación é continua na parte de lingua. Valorarase a evolución progresiva do alumno, e coma se reflicte abaixo, a fórmula aplicada para a obtención da avaliación final concede maior peso a terceira avaliación. Tendo en conta que a avaliación é formativa, tamén supervísanse e rectificanse nas seguintes avaliacións aqueles aspectos do proceso de ensinanza e aprendizaxe que poidan contribuír a mellorar a adquisición de competencias. Se o alumno non tivese aprobada algunha parte desta avaliación poderá recuperala na avaliación final de xuño.</p>
2º Avaliación	<p>Cálculo da nota da 2ª avaliación: Nota das probas escritas 60% exame ordinario, 20% exame libro de lectura. Nota de traballo 20% (deberes, comentario literario, esquema, resumo).</p>
	<p>Procedemento de recuperación da 2ª avaliación: (o mesmo que o da 1ª avaliación)</p>
3º Avaliación	<p>Cálculo da nota da 3ª avaliación: Nota das probas escritas 80%. Nota de traballo 20% (deberes, libro de lectura, traballo creativo sobre un poema do Barroco, comentario literario, resumo).</p>
	<p>Procedemento de recuperación da 3ª avaliación: Recuperarase na avaliación final a través dunha proba escrita, que abarca a parte de lingua e a de literatura, examinando ao alumno dos estándares non acadados.</p>
Cualificación final	<p>Os alumnos con avaliación negativa nalgunha avaliación farán unha proba final dos estándares non superados. Esta será a nova nota de referencia á hora de obter as medias. Cálculo para obter a cualificación final de curso: Media ponderada: 50% (media da primeira e segunda avaliación) e 50 % (nota da terceira avaliación).</p>
Proba extraordinaria para BAC	<p>Avaliarase os estándares traballados ao longo do curso nunha proba que será similar ás que se viñeron facendo ao longo do ano académico. Terá un 50% de parte de literatura e un 50% de parte de lingua. Aparecerán cuestións prácticas e tamén teóricas, aínda que cun maior porcentaxe das primeiras. Incluiranse preguntas relacionadas cos libros de lectura obrigatorios.</p>

Alumnado de materia pendiente	Cálculo para obter a cualificación final de materia pendiente: Realizarase unha media ponderada, consonte a seguinte distribución: 50% (nota obtida nas probas da materia pendiente), 30% (traballo sobre a materia específica do curso pendiente) e 20% (traballo do curso actual).
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Levaranse a cabo dúas probas escritas nas convocatorias vixentes. Alén diso, o alumnado presentará un boletín de tarefas que lle servirá para preparar os contidos deses exames. O profesorado do Departamento encargárase da supervisión deste boletín e de solventar as posíbeis dúbidas sobre a súa realización.

2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC (Preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría)	
Metodoloxía	O alumnado que teña que presentarse a proba extraordinaria traballará cuestións similares ás da proba e fará actividades e tarefas guiadas co fin de superar a materia. Resolveranse dúbidas e traballarase de acordo ás necesidades individuais do alumnado. Doutra banda, os alumnos que teñan a materia superada farán traballos de repaso e reforzo, especialmente aqueles que poidan ser útiles para ir preparando a materia de 2º de bacharelato, Lingua Castelá e Literatura II (resumo, comentario, morfoloxía...).
Actividades tipo	Boletíns de traballo con actividades similares ás do exame da convocatoria extraordinaria. Explicacións e aclaracións de dúbidas.
Materiais e recursos	Boletíns de traballo, aula virtual, pizarra dixital, libro de texto.